

Bases do concurso público para crear o logotipo do Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

1. OBXECTO DO CONCURSO.

Crear un logotipo para o Conservatorio, que recolla o espírito do centro e as súas características da organización e a promoción da música; un deseño gráfico que permita identificar ao Conservatorio en todos os ámbitos, e á vez constitúa a imaxe corporativa e representativa deste.

2. REQUISITOS DOS PARTICIPANTES.

O concurso é aberto, sen limitación algunha, pode participar toda a comunidade educativa do centro que desexen colaborar a través de propostas gráficas nalgunha das seguintes áreas: pintura, debuxo, fotografía, colaxe ou formato dixital.

3. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

Un Xurado, composto por membros do Consello Escolar, revisará e seleccionará os traballos recibidos dacordo aos seguintes criterios:

- Que transmita a idea do Conservatorio e a música.
- Que sexa unha imaxe orixinal.

4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA PROPOSTA.

As propostas do logotipo débense entregar en arquivo .jpg ao correo electrónico:

cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN.

Recibiránse propostas ata o 3 de Febreiro de 2012

Publicaránse os resultados, como data límite, o 16 de Marzo de 2012

Enténdese que o gañador ou gañadora cede os dereitos do seu traballo.

6. RETRIBUCIÓN

O autor ou autora do traballo seleccionado, ademáis do recoñecemento da comunidade educativa do Conservatorio, recibirá en retribución un agasallo de libros.

7. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso leva implícita a aceptación de todas as bases e a resolución do xurado.

A Coruña, a 15 de Novembro de 2011

O Equipo Directivo